


# FERNANDO RUBINE FIRPO


1812-1885



## O EMPRESARIO QUE FIXO CIDADE

**Margarita Vilar Rodríguez**

Profesora da Universidade da Coruña



Retrato de Fernando  
Rubine Firpo de 1879  
(cortesía da Deputación  
de A Coruña)

A biografía de Fernando Rubine Firpo permite trazar con detalle a historia da cidade da Coruña durante o século XIX. En realidade, resulta complicado discernir quen achegou máis a quen, se a cidade a un dos seus principais promotores ou o empresario ao crecemento da súa localidade. Naceu no seo dunha familia de humildes comerciantes de orixe foránea. O seu pai Antonio Rubine (*circa* 1759-*circa* 1818) —escrito en ocasións como *Rubin* ou *Rubini*— emigrara desde a súa terra natal aragonesa ata A Coruña a finais do setecentos, co probable obxectivo de procurar fortuna á calor das oportunidades de negocio que ofrecía o porto coruñés.<sup>1</sup> A entrada de Galicia no tráfico marítimo colonial desde 1764, a través da compañía dos Correos Marítimos, de titularidade estatal, converteu a cidade da Coruña nun destino atractivo para os comerciantes peninsulares.<sup>2</sup> A posibilidade de establecer intercambios directos con Cuba e Nova España, e máis tarde cos portos do río da Prata e coa costa de Terra Firme, xerou grandes expectativas de beneficios. Antonio Rubine estableceu unha modesta tenda de comercio polo miúdo no

<sup>1</sup> AMC, 1809, caixa 1056. Matrícula de veciños.

<sup>2</sup> ALONSO (1986: 49).

Cantón Grande número 22 e botou raíces definitivas a través do seu enlace con Ángela Firpo, filla dun mestre de obra prima de orixe xenovesa censado como estranxeiro na cidade desde 1778.<sup>3</sup> Froito deste matrimonio naceron polo menos catro fillos que acadaron a maioría de idade: Juana (*circa* 1802), José (*circa* 1803), Ana (*circa* 1808) e o benxamín Fernando (1812).<sup>4</sup>

Igual ca o resto de comerciantes, a familia Rubine Firpo tivo que afrontar o difícil transo da Guerra da Independencia (1808-1814), un período de grande inestabilidade política e económica. A ocupación francesa da Coruña durou só arredor de seis meses, desde mediados de xaneiro ata mediados de xuño de 1809. No entanto, as consecuencias bélicas deixáronse notar durante longos anos desde diversos puntos de vista. Dun lado, o tráfico comercial e marítimo, vital para o devir económico da cidade, quedou paralizado. Doutro, na orde financeira, a Xunta Superior de Galicia solicitou sucesivos préstamos para sufragar parte dos gastos en avituallamento, armas e soldadas do exército. Co fin de recadar fondos, os posuidores de terreos e leiras, industriais e comerciantes foron gravados con contribucións extraordinarias proporcionais ás rendas obtidas.<sup>5</sup> Antonio Rubine declarou no prego de pagos da Contribución Extraordinaria de Guerra uns ingresos anuais derivados da súa actividade comercial de 8000 reais en 1809 e de 6000 en 1811. Con este produto líquido correspondeulle pagar un imposto de 350 reais no primeiro ano e de 200 no segundo, cifras modestas dentro dos contribuíntes dedicados ao comercio na cidade.<sup>6</sup> Ademais da sangría financeira ocasionada pola Guerra da Independencia, os comerciantes locais tiveron que afrontar nestes anos a crise do comercio colonial. O éxito dos movementos independentistas nos territorios da América do sur continental recortou as oportunidades de negocio a través do porto coruñés.

Durante este inestable período Antonio Rubine adquirira en foro unha vivenda de tres pisos nunha das mellores zonas da cidade, o nú-

<sup>3</sup> A familia Firpo vivía na rúa San Nicolás, núm. 8, en 1778. AMC, 1778, caixa 1053. Matrícula de estranxeiros, veciñanza, padrón.

<sup>4</sup> AMC, 1823, caixa 1062. Padrón de veciños.

<sup>5</sup> ALONSO (1986: 236).

<sup>6</sup> AMC 1811-1814, caixa 6500. Contribución extraordinaria de guerra.



mero 30 da rúa Acevedo —actual rúa Real—. Trasládouse alí coa súa muller, cos seus fillos e cunha criada e estableceu • seu negocio mercantil na parte baixa do edificio.<sup>7</sup> Entre os seus veciños máis próximos estaban algúns dos industriais e comerciantes máis relevantes da época como as familias Marchesi, Pastor ou Cervigón.<sup>8</sup> Faleceu pouco tempo despois, arredor de 1818, dunha doenza de gota, «enfermedad que le había ocasionado muchos gastos».<sup>9</sup> As súas breves disposicións testamentarias revelan a modestia da súa tenda. Compoñían • inventario diferentes xéneros do país cun valor de taxación inferior a mil reais e cunha escasa ferramenta doméstica. O diñeiro líquido en caixa ascendía a pouco máis de 3400 reais. Non se declaraban xoias nin • obxectos de uso persoal valiosos. A prol da herdanza contabilizábanse créditos concedidos ao consulado para financiar a guerra da Independencia e unha débeda do seu sogro, José Firpo, por valor de seis mil reais. A partir de entón, a súa viúva, Ángela Firpo, tomou as rendas do negocio familiar.<sup>10</sup>

### A formación profesional

Orfo de pai desde moi temperá idade, Fernando Rubine rematou a instrución primaria e cursou os estudos de Náutica na escola que mantiña aberta o Consulado do Mar na Coruña. Perseguíu o soño de emigrar a América co ánimo de procurar fortuna nas Antillas e pensou que a titulación lle facilitaría o embarque nalgún dos buques que saían do porto cara a ultramar. Pero nesta época da *Mariña romántica*, cando o océano se cruzaba aínda en buques de vela, a viaxe do emigrante convertíase nunha verdadeira aventura sen garantía de éxito.<sup>11</sup> A duración da travesía nas pequenas embarcacións de madeira, moi inseguras fronte aos embates do mar, podía oscilar entre os 16 e os 100 días. A incerteza nos tempos de singradura resultaba perigosa, xa que os barcos contaban con reducidas despensas e notables incomodidades. Por outro lado, o prezo das

<sup>7</sup> AMC, 1823, caixa 1062. Padrón de veciños.

<sup>8</sup> ALONSO, LINDOSO e VILAR (2008).

<sup>9</sup> MARIÑO (2004: 262).

<sup>10</sup> AMC, 1823, caixa 1062. Padrón de veciños.

<sup>11</sup> Sobre estes aspectos, véxase VÁZQUEZ (2000: 610-612).

pasaxes supoñía unha pequena fortuna para a maior parte das economías domésticas. É probable que Ángela Firpo empregase argumentos parecidos para convencer o seu fillo de que abandonase o soño americano.<sup>12</sup> Foi entón cando Fernando Rubine cambiou o seu rumbo profesional e decidiu entrar como dependente de comercio no escritorio da primitiva fábrica de cristais da cidade.

A fábrica nacera en 1828 co obxectivo de substituír as tradicionais importacións de cristais de ventás e botellas procedentes de Alemaña por produción nacional. Juan Antonio del Adalid y Loredó converteuse no principal impulsor da iniciativa empresarial co apoio de dous socios capitalistas, Francisco Gurrea Martínez e José Antonio Münch Fernández.<sup>13</sup> Aos tres anos de funcionamento, os tres empresarios cualificábase como un negocio ruinoso para os seus intereses. Dun lado, a fábrica ocasionaba elevados custos salariais, pola necesidade de contratar man de obra cualificada procedente do estranxeiro. Doutro, o escaso desenvolvemento urbano da rexión freaba a saída ao mercado dos seus produtos.


Unha nova sociedade formada polo mencionado Adalid e por tres dos maiores comerciantes por xunto da cidade, Dionisio Leal, José Benito Español e Manuel Noriega Cortina, fíxose cargo do establecemento industrial nos primeiros anos trinta. A inxección de capital e a nova visión do negocio —coa venda de produtos reorientada cara aos mercados peninsular e ultramarino— permitiron a recuperación da firma. A boa traectoria empresarial impulsou a súa remodelación nos anos corenta co fin de aumentar a súa capacidade de produción.<sup>14</sup> Fernando Rubine traballou case que unha década baixo a dirección de José Benito e Manuel Noriega, dous adañeirados e influentes homes de negocios, aos que considerou como verdadeiros mestres na súa formación mercantil, sobre todo no manexo das operacións comerciais e financeiras.<sup>15</sup>

<sup>12</sup> Ao parecer Fernando Rubine sempre lles narraba este feitos aos seus achegados. Nota necrolóxica escrita por FERNÁNDEZ LATORRE en *La Voz de Galicia*, do 16/06/1885.

<sup>13</sup> MEIJIDE PARDO (1997 [1974/1975]: 119 e ss).

<sup>14</sup> Sobre a evolución da industria do vidro na cidade, véxase LINDOSO (2006: 33 e ss).

<sup>15</sup> Nota necrolóxica escrita por FERNÁNDEZ LATORRE en *La Voz de Galicia*, do 16/06/1885.



Letra de cambio emitida en 1842 por Bonifacio López, sogro de Fernando Rubine (cortesía de Luis del Moral)

Nesta época Fernando Rubine casou con Joaquina López Ceballos — escrito tamén *Cevallos* —, unha moza coruñesa da alta burguesía local. Joaquina era filla e neta de empresarios con gran prestixio na cidade. Dun lado, seu pai, Bonifacio López, un comerciante por xunto oriúndo de Medina de Rioseco (Valladolid), instalárase na Coruña nos anos finais da Guerra da Independencia.<sup>16</sup> É probable que formase parte da vaga de comerciantes que se desprazou cara ao noroeste peninsular fuxindo do exército francés. Moitas destas emigracións temporais convertéronse en definitivas grazas ao florecemento das súas actividades mercantís na terra de adopción. O seu enlace con Joaquina Ceballos impulsouno a botar raíces e a abrir casa de comercio na cidade. Doutro lado, o seu avó materno, José Ceballos, procedía de Tordesilla de Cameros (A Rioxa) e establecérase na Coruña a finais do século XVIII, a raíz da apertura do tráfico comercial do porto coruñés coas Indias.<sup>17</sup> Censado como comerciante por xunto e polo miúdo en 1778, con lonxa e tenda aberta e cargadores a Indias, acadou grande éxito como mercador, prestamista,

<sup>16</sup> Inscrito na Matrícula de Comerciantes da cidade, 1830. MEIJIDE PARDO (1997 [1972/1973]: 54).

<sup>17</sup> AMC, 1842, caixa 1639. Libro de rexistro de defuncións e ALONSO (1986: 61 e 200).



armador de corso e industrial das salgaduras. Reinvestiu boa parte dos seus beneficios na compra de propiedades urbanas e de títulos de débeda pública, seguindo as pautas de investimento tradicionais na Galicia da época. Faleceu a principios do século XIX, momento no que a súa viúva se puxo á fronte da casa de comercio.

A traxectoria profesional de Fernando Rubine viuse condicionada polo feito de que o seu sogro non contaba cun herdeiro home ao que pasarlle o testemuño dos seus negocios. Coa ollada posta no futuro, Bonifacio López invitou os que se acaban de casar a instalárense na súa casa situada no número 27 do Cantón Grande.<sup>18</sup> Pouco tempo despois, F. Rubine deixou o seu traballo na fábrica de cristais e comezou a colaborar nos negocios da súa familia política como contable. Combinou esta actividade co exercicio do título de corredor de comercio que obtivera en 1834, seguindo o consello dos seus mentores na fábrica de vidro. Máis tarde, e co apoio financeiro do seu sogro, adquiriu en propiedade a corretaxe de comercio de Pedro Tapia, situada na cidade.<sup>19</sup>


Mentres tanto, súa nai, Ángela Firpo seguiu á fronte dos negocios familiares coa axuda do seu fillo maior José Rubine. O dobre matrimonio dos irmáns José e Ana Rubine cos seus curmáns Ángela e José Sischka estendeu os lazos familiares ás actividades mercantís das súas respectivas nais, as irmás Ángela e Juana Firpo, que rexentaban as casas mercantís dos seus defuntos maridos.<sup>20</sup> Pero a proximidade volveuse perigosa cando a casa de comercio de Juana Firpo se declarou en quebra en 1832. A desfeita financeira tivo graves consecuencias para os negocios de Ángela que lle prestara importantes cantidades de diñeiro.<sup>21</sup> José Rubine acudiu como apoderado da súa nai á xunta de acredores da quebra da devandita casa. Pero as contas quedaron nunha delicada situación. Ángela Firpo

<sup>18</sup> AMC, 1836, caixa 1690. Padrón de habitantes.

<sup>19</sup> Nota necrolóxica escrita por FERNÁNDEZ LATORRE en *La Voz de Galicia*, 16/06/1885.

<sup>20</sup> AMC, 1849, caixa 1130. Padrón de habitantes. Juana quedara viúva de Juan José Sischka, un retallista de Langenay (Alemaña). AHM, 1843, caixa 1640. Libro de rexistro de defuncións.

<sup>21</sup> AHPC. Rafael Nogueira, atado 8116, (1832: 69). Agradézolle a Elvira Lindoso as pistas facilitadas nas referencias notariais.



intentou que aboiasen os seus negocios combinando actividades comerciais polo miúdo con outras por xunto.<sup>22</sup> Os intentos resultaron baldíos. Pouco tempo despois, en maio de 1839, viuse obrigada a declarar a quebra da súa casa de comercio e a subhasta de todos os seus bens.<sup>23</sup>

Ao perder todas as súas posesións e intereses mercantís, Ángela Firpo quedou baixo o amparo económico do seu fillo pequeno Fernando. Pola súa parte, o seu outro fillo home José Rubine exerceu de escribente para soste a familia que acababa de fundar. A perda na quebra mercantil da antiga vivenda da rúa Acevedo obrigouno a mudarse coa súa muller e cos

<sup>22</sup> Censouse como comerciante polo miúdo en 1835 e por xunto en 1837. MEIJIDE PARDO (1997 [1972/1973]: 62 e 64).

<sup>23</sup> BOPLC, 13/05/1839, núm. 76, p. 3.



seus tres fillos de curta idade, Isabel, José e Leopoldo, a un modesto piso no número 4 da rúa Cordelería de Marzal. Pero o peor estaba por chegar, xa que os nenos quedaron orfos ao pouco tempo, primeiro de nai e logo de pai.<sup>24</sup> A súa avoa materna, Juana Firpo, acolleunos na súa casa. Os dous homes José e Leopoldo, aínda adolescentes, emigraron á illa de Cuba onde fixaron a súa residencia definitiva.<sup>25</sup>

Durante os anos corenta Fernando Rubine combinou o seu traballo como corredor de comercio e contable con varias iniciativas de carácter xornalístico e literario. Colaborou como columnista en diarios madrileños e traduciu obras do francés ao castelán como a titulada *La Cruz de Berny* (1845), novela escrita por Félix Deriege.<sup>26</sup> Tamén fundou algúns xornais de carácter local durante a rexencia de Espartero (1841-1843). Pero todas as súas aventuras editoriais tiveron unha breve duración, apenas uns meses.<sup>27</sup> Primeiro fundou o *Telégrafo* (1843), un xornal de corte político e literario onde exerceu como director e redactor. Na súa liña editorial defendía ideas progresistas moderadas dentro do axitado panorama político que vivía España nas décadas centrais do século XIX. Ao pouco tempo do seu nacemento, foi substituído por *El Coruñés* (1843), un diario con similares tendencias ca o seu predecesor. A publicación cesou antes de rematar o ano, non se sabe se pola alteración da lei de imprenta ou pola falta de subscritores. Para o seu terceiro intento xornalístico buscou o apoio doutro colaborador, Faustino Domínguez, con quen editou o diario *El Vigilante* (1843) e o xornal bisemanal *El Fomento de Galicia* (1845). O primeiro pretendía converterse nun xornal de talante conciliador e de defensa das institucións constitucionais. Combinaba seccións de corte político con noticias xerais de Galicia. O segundo presentaba unha liña editorial máis especializada na temática comercial e financeira. Nos seus artigos amosaba grande interese pola defensa da industria da pesca en Galicia e facilitaba noticias da industria, prezos dos efectos comerciais nas principais prazas de Europa e América e outros datos de interese mercantil.

<sup>24</sup> AHM, 1843, caixa 1640. Libro de rexistro de defuncións.

<sup>25</sup> AHPC. Rafael Nogueira, atado 8116, (1832: 69).

<sup>26</sup> *Boletín Bibliográfico Español y Extranjero*, 1847, ano III, núm. 3, p. 35.

<sup>27</sup> Para esta parte, véxase SANTOS GAYOSO (1990).

Na segunda metade dos anos corenta, as inquietudes xornalísticas de F. Rubine chegaron á súa fin. Varios factores puideron influír no cambio de rumbo. É posible que a fin da rexencia de Espartero e o regreso dos moderados ao poder lle fixesen desistir da súa actividade literaria. Por outro lado, a morte do seu sogro Bonifacio López deixouno á fronte dos negocios familiares e aumentaron as súas responsabilidades e carga de traballo na casa de comercio. Fernando Rubine Firpo aparece por primeira vez como cabeza de familia e comerciante establecido no número 9 do Cantón de Porlier no padrón de 1849. Baixo a súa protección atopábanse a súa esposa, Joaquina, a súa filla Eloysa nacida en 1843, e a súa única cuñada Josefa, solteira, que vivía con eles. A nova traxectoria profesional do noso protagonista consolidouse de maneira definitiva en 1850, momento no que se fixo cargo da casa mercantil de Juan Aguirre Villaverde na cidade. A partir de entón, o literato e xornalista deixoulle paso ao home de negocios e prócer local.

### O desenvolvemento en solitario

A década dos cincuenta converteuse na plataforma de desenvolvemento profesional e de ascenso social de Fernando Rubine. Pero a epidemia de cólera que sorprendeu a poboación coruñesa no mes de setembro de 1854 tamén vestiu de loito a súa vida familiar. A enfermidade provocou a morte en noventa días de polo menos a décima parte dos habitantes da cidade, sen distinción de clases sociais nin barrios. Co fin de frear o pánico, as autoridades prohibiron durante un tempo o repique das campás nas igrexas e estableceron improvisadas ambulancias sanitarias, formadas por asilados e nenos hospicianos, para retirar os cadáveres das rúas tras o solpor.<sup>28</sup> A actividade económica local quedou paralizada, desde o porto ata a Fábrica de Tabacos. A poboación tratou de resistir o embate epidémico con apenas dezaseis médicos e catro hospitaliños improvisados para atender os veciños con menos recursos. Nunha época na que se descoñecía por completo a causa do mal e ningunha medicina parecía

<sup>28</sup> Artigo de RUBÉN VENTUREIRA titulado «El cólera del fin del mundo», publicado en *La Voz de Galicia*, 30/10/2004.

efectiva para frear os seus síntomas, os rezos e as procesións dos devotos convertéronse no mellor bálsamo para unha poboación vulnerable. Como consecuencia do brote colérico, Fernando Rubine perdeu primeiro a súa filla Eloya e logo a súa esposa Joaquina.<sup>29</sup> O trágico episodio atrasou a posta en marcha dalgúns dos seus proxectos mercantís. Traspasada a barreira dos corenta anos debía afrontar un dobre desafío, o seu renacemento profesional e persoal nunha cidade magoada e ávida de novas iniciativas empresariais.

Na década dos sesenta sopraron aires de cambio na Coruña baixo o mandato do alcalde José María Abella (1861-1866). A cidade experimentou unha importante transformación urbanística.<sup>30</sup> Entre outras iniciativas, demoléronse as antigas murallas e gran número de edificios, nivelouse o terreo para o futuro ensanche, pavimentáronse rúas, canalizáronse augas e impulsáronse dous proxectos claves para o futuro da cidade, o enlace ferroviario e a mellora das instalacións portuarias. Durante estes anos Fernando Rubine exerceu como primeiro tenente de alcalde, o que fomentou o seu protagonismo político e lle permitiu ampliar os seus contactos empresariais. Máis tarde, en 1866, foi nomeado alcalde constitucional, cargo que exerceu durante parte do período de transición entre o cesamento de Abella, que acababa de ser nomeado gobernador civil de Lugo, e a chegada de Federico Tapia á alcaldía da cidade. Acadou tamén postos de responsabilidade na comisión administrativa do Teatro Principal e nas xuntas de varias asociacións literarias e culturais.

No ámbito financeiro, ademais de actuar como comerciante banqueiro a través da súa propia casa mercantil con oficina no número 81 da rúa Real, entrou a formar parte do accionariado do Banco de la Coruña (1857) e, logo, do seu sucesor o Crédito Gallego (1875). Neste último asinou a escritura constitucional e ocupou cargo de conselleiro entre 1875 e 1885.<sup>31</sup> A pertenza ao equipo directivo destas institucións brindaba moitas vantaxes xa que lle proporcionaba información de primeira man

<sup>29</sup> AHM, 1854, caixa 1649. Libro de rexistro de defuncións.

<sup>30</sup> GONZÁLEZ CATOYRA (1995: 22).

<sup>31</sup> FACAL (1986: 53).



sobre a situación financeira de moitos comerciantes, prestixio persoal e maiores facilidades para obter crédito. Así, de maneira progresiva, conseguiu posicionarse nas institucións claves para o goberno da cidade, onde compartía mesa e decisións coa influente burguesía local. O aumento da súa actividade política e a ampliación dos seus negocios obrigouno a contratar como dependente a Demetrio Salorio Casal, un mozo de familia acomodada residente na cidade.<sup>32</sup> Mentres tanto, no ámbito persoal, Fernando Rubine casara con Josefa López, irmá menor da súa primeira muller, na parroquia de San Jorge en maio de 1856.<sup>33</sup> Froito deste enlace naceron dúas fillas, Joaquina e Josefa, as súas dúas únicas descendentes.

Aínda que continuou co seu traballo como corredor de comercio nos anos sesenta, tamén exerceu como contratista de obras de varias estradas, rúas, edificios e porto a través da súa casa mercantil. Entre outros proxectos, participou na construción da estrada de Betanzos a Lalín e na de Lugo a Chantada.<sup>34</sup> Por outro lado, conseguiu contratas nas obras de recheo do dique do porto da Coruña en sociedade con outros empresarios da cidade. As maiores necesidades da actividade portuaria esixiron gañarlle ao mar unha área considerable de terreo para establecer novos servizos. En 1869 fíxose terraplén en case que setenta mil metros cadrados na fronte das rúas da Mariña e dos cantóns Grande e Pequeno para instalar almacéns, dependencias portuarias e, máis tarde, os xardíns de Méndez Núñez.<sup>35</sup> Como complemento a estas obras proxectáronse dous peiraos embarcadores; un fronte ao edificio da Aduana e outro na Palloza. En 1870 inaugurou o peirao de ferro, destruído en 1914, que se converteu en símbolo da industrialización e do progreso da cidade portuaria. Pouco tempo despois, o Estado encomendoulles todos os asuntos relacionados cos portos a unhas novas corporacións encargadas de construíren, conservaren e vi-

<sup>32</sup> AMC, 1844, caixa 1076. Padrón de habitantes. Demetrio, nacido en 1844, era o fillo pequeno do matrimonio formado polo militar Juan Salorio e Inocencia Casal, veciños da cidade.

<sup>33</sup> AMC, 1856. Libro de rexistro de matrimonios.

<sup>34</sup> AHPC. Francisco Chaves y Alcalde, atado 8803 (1862), AHPC. Eugenio Mallo, atado 9435 (1864), AHPC. Francisco Chaves y Alcalde, atado 8806 (1865).

<sup>35</sup> REY ESCARIZ (1996: 129).

xiaren as obras realizadas dentro das zonas portuarias e facultadas para cobrar certos dereitos sobre as mercancías transportadas. Como consecuencia da nova lexislación, naceu a Xunta de Obras do Porto da Coruña en 1877, onde Fernando Rubine ocupou o posto de vicepresidente.

F. Rubine tamén representou un papel clave na construción da vía férrea que debía comunicar o porto da Coruña co resto da península. O proxecto comezara a fraguarse en 1857 da man de Juan Martínez Picavía e Juan Flórez.<sup>36</sup> Daquela, formouse unha comisión de enxeñeiros encargada de trazar os planos e calcular os presupostos que concluíu o estudo nun breve prazo de tempo. Un ano despois, aprobouse a lei para a construción da liña de ferrocarril. Pero a posta en execución das obras ralentizouse a causa de que as subastas das contratas quedaron desertas en varias ocasións. Tras varios intentos frustrados, a principios dos anos sesenta comezou a construción do enlace entre Palencia e Ponferrada. Para axilizar a licitación e a concesión do tramo restante, o Concello da Coruña nomeou en 1864 unha comisión xestora integrada por Juan Montero Tellinge, Benigno Rebellón e Fernando Rubine.<sup>37</sup> Os tres representantes encargáronse de xestionar a axilización do proxecto cos senadores e deputados galegos e cos alcaldes dos municipios afectados. A comisión conseguiu tamén unha subvención de corenta millóns de reais para o ferrocarril do noroeste na Corte madrileña. Malia os esforzos realizados, a subasta das obras de construción da vía férrea quedou deserta, o que desatou unha enorme decepción entre os habitantes da cidade.

Temendo que a licitación do citado ferrocarril puidese quedar deserta por segunda vez, Fernando Rubine depositou cun crédito persoal a cantidade de 4,6 millóns de reais, mínimo esixido para tomar parte na puxa. A continuación presentou un prego enxeñoso cheo de artificios literarios, co consentimento do director de obras públicas Saavedra Meneses, onde se proclamaban as vantaxes da contrata.<sup>38</sup> Ao final, José Ruiz Quevedo obtivo a licitación da obra en xuño de 1864, pero a actuación de Ru-

<sup>36</sup> REY ESCARIZ (1996: 305).

<sup>37</sup> *El Clamor Público: Periódico del Partido Liberal*, 04/05/1864 e 08/05/1864.

<sup>38</sup> Nota necrolóxica escrita por FERNÁNDEZ LATORRE en *La Voz de Galicia*, 16/06/1885 e *Gaceta de los caminos de hierro*, 24/09/1865, núm. 39.

bine catapultou a súa consideración como prócer local. Tras a viaxe de regreso, a comisión xestora foi recibida na Coruña con banda de música e fogos de artificio.<sup>39</sup> Iluminouse a rúa Juana de Vega con farois á veneciana como nas noites de festa e repartíronse mil libras de pan entre os pobres da cidade. Con todo, o citado ferrocarril non sería inaugurado ata o mes de setembro de 1883. Por entón, a popular sociedade Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos (1847) —coñecida como Círculo de Artesanos—, un dos principais centros culturais e literarios da cidade, nomeou socios honoríficos os membros da comisión e obsequiounos cunha serenata.<sup>40</sup>

### A empresa familiar

Na década de 1870 o corredor de comercio, banqueiro, contratista e promotor local diversificou as súas actividades mercantís cara ao ámbito industrial.<sup>41</sup> Nesta nova etapa Fernando Rubine e a súa esposa converteron en socio o seu antigo dependente Demetrio Salorio, que acababa de casar coa súa filla Joaquina.<sup>42</sup> Como consecuencia desta decisión, naceu en 1871 a sociedade Rubine y Salorio cun capital social de 321.885 pesetas, achegado polo matrimonio (303.112 pesetas) e polo seu xenro (18.772 pesetas). A nova firma fíxose cargo de todos os negocios da antiga Casa de Comercio de Fernando Rubine.<sup>43</sup> Na escritura de constitución quedou establecido que os socios se repartirían os beneficios en porcentaxes do 70% e do 30%, respectivamente. Ademais, para a cobertura dos seus gastos persoais recibirían da caixa social 15.000 pesetas anuais, no caso de Fernando e da súa esposa, e 3000 para Demetrio Salorio.

A nova sociedade adquiriu do Estado uns terreos compostos por cinco soares e unha parcela na avenida de Riazor en 1872, co propósito de es-

<sup>39</sup> ESTRADA CATOYRA (1930: 104).

<sup>40</sup> *La Iberia: Diario Liberal*, 01/09/1883.

<sup>41</sup> AHPC, notario José Rosendo Carballo, por escritura do 22/04/1871.

<sup>42</sup> AHPC, notario Ruperto Suárez, atado 9719 (1867: 1197 e ss).

<sup>43</sup> AHPC, notario José Rosendo Carballo, por escritura do 22/04/1871.



tablecer alí varias fábricas e almacéns.<sup>44</sup> Cinco meses de obras deron como froito un establecemento fabril que contiña catro tipos de industrias dotadas dos últimos avances tecnolóxicos: elaboración de chocolates, puntas chamadas de París, resortes para mobles e moenda de fariñas de trigo do país.<sup>45</sup> Os chocolates elaborados con muíños movidos de vapor vendíanse baixo a marca rexistrada La Española na península e nos territorios de ultramar. O seu reclamo publicitario «Las cosas claras y el chocolate La Española» acadou gran popularidade a un e a outro lado do Atlántico. A fábrica de puntas elaboraba cravos, puntas de cabeza chata, convexa e perdida, e cravos de forma piramidal e sen cabeza. Os deseños dos resortes para sofás e cadeiras, copiados de modelos procedentes de París, acadaron gran reputación no mercado. Por último, unha roda movida de vapor para moer trigo e o seu peneirado refinado producían fariñas de calidade superior para a súa venda por xunto e para a fabricación de pan no forno do establecemento. Máis adiante ampliouse a actividade industrial á refinación de azucre.

A sociedade Rubine y Salorio diversificou os seus investimentos durante estes anos, ademais das novas iniciativas industriais, os socios mercaron accións do Crédito Gallego e do Banco de España, ampliaron as operacións de banca e adquiriron títulos de débeda pública e varias leiras rústicas en Santiago de Compostela e parcelas na cidade da Coruña. En paralelo, continuaron exercendo como comerciantes de todo tipo de xéneros e obtiveron contratos en subastas públicas diversas, desde o avituallamento militar ata a subministración de aceite de oliva para os faros da provincia.<sup>46</sup> En 1875 a sociedade Rubine y Salorio atopábase entre os vinte maiores contribuíntes ao sub-




Envoltorio dos chocolates La Española (cortesía de Luis del Moral)

<sup>44</sup> AHPC. Ruperto Suárez, atado 9734 (1872: 326).

<sup>45</sup> COUMES GAY (1877: 43).

<sup>46</sup> AHPC. Benito María Lores, atado 9205 (1879: 170) e AHPC. Manuel Devesa y Gago, atado 10120 (1883: 675). Véxase tamén Coumes Gay (1877) e Faginas (1890).

Gráfico I. Capital da casa comercial fundada por Fernando Rubine (en miles de pesetas correntes)



Fonte: AHPC. José Pérez Porto (1885, atado 10178: 3467).  
 (\*) Capital inicial no momento de constituírse a sociedade.  
 (\*\*) Capital da sociedade no momento da morte de Fernando Rubine.

sidio industrial e de comercio da provincia da Coruña.<sup>47</sup> Nese ano o matrimonio Rubine López acordou introducir algunhas modificacións na escritura de constitución da sociedade mercantil familiar. Rubine, consciente de que cada vez delegaba máis responsabilidades no seu xenro, decidiu aumentar a súa participación nos beneficios do negocio do 30 ao 40%.<sup>48</sup> Desde o 1 de xaneiro de 1875 tamén mellorou a súa retribución anual para gastos particulares ata as 5000 pesetas, en vez das 3000 recibidas ata o momento.

Ao ano seguinte, Teresa Rubine casou con Félix González-Rodríguez Sesmero, un comerciante da cidade de orixe asturiana.<sup>49</sup> De inmediato, o matrimonio Rubine converteu tamén a Félix en socio da empresa familiar. Con este fin, en 1876, a firma Rubine y Salorio transformouse en Rubine e Hijos, que absorbeu todos os valores activos e pasivos da primeira.<sup>50</sup> A nova sociedade estaba composta por tres socios e un capital de 521.638 pesetas repartido do seguinte xeito: F. Rubine e a súa esposa (325.000 pesetas), Demetrio Salorio (143.509 pesetas) e Félix Rodríguez (53.129 pesetas). Quedou establecido que o matrimonio Rubine só gozaría do 30% das utilidades

anuais, mentres que os seus xenros Demetrio e Félix obterían o 40% e o 30% respectivamente. Mentres tanto, as compensacións anuais para gastos particulares fixéronse, seguindo a mesma orde, en 11.250, 7500 e 6000 pesetas. Baixo a nova razón social e cun novo socio, a compañía seguiu

<sup>47</sup> BOPLC (1875, núm. 85: 165). A sociedade tamén figuraba entre as de maior capital da provincia da Coruña, véxase LINDOSO (2006: 298).

<sup>48</sup> AHPC. José Pérez Porto, atado 10178 (1885: 3467).

<sup>49</sup> Félix González Rodríguez Sesmero era orixinario de Avilés e dedicábase ao comercio. Chegara á Coruña con 28 anos, arredor de 1875. AMC, 1894, caixa 1417. Padrón de habitantes. É probable que Félix fose irmán de Alejandro González Rodríguez Sesmero, reputado arquitecto asturiano que asinou os proxectos do mercado municipal, do concello e da Deputación Provincial de Pontevedra, entre outras obras.

<sup>50</sup> AHPC. José Pérez Porto, atado 10178 (1885: 3467).



exercendo as mesmas actividades industriais, comerciais e financeiras. Os socios veteranos deixaron nas mans dos mozos, Demetrio e Félix, a responsabilidade de administrar a compañía, aínda que calquera deles podía facer uso da firma social.

Despois de contribuír á remodelación urbanística da cidade, á pavimentación das súas rúas, á ampliación do porto e á chegada do ferrocarril, F. Rubine concentrouse nos anos setenta na mellora e no acondicionamento da praia de Riazor «para el disfrute de los habitantes de la ciudad».<sup>51</sup> A mediados do século XIX A Coruña uníase á moda de explotar balnearios marítimos que acadou un notable auxe en moitas poboacións españolas.<sup>52</sup> A iniciativa, aínda que partira do concello, necesitou do financiamento privado por causa da escaseza dos fondos municipais. A través dunha subscripción pública, por vía de préstamo, conseguiuase reunir a cantidade de 76.000 reais achegados por 77 accionistas, case que todos comerciantes e industriais da cidade. A esta cifra engadiuse un crédito supletorio dos propios accionistas e unha pequena subvención municipal. O diñeiro recadado permitiu sufragar os 113.000 reais que custou a construción da nova casa de baños de mar edificada na praia de Riazor en 1874.

A continuación, constituíuse unha comisión mixta, integrada por representantes do concello (Luis Montanaro, Vicente Viqueira, José López Trigo, Ramón Abella e José Marchesi y Dalmau) e dos accionistas (Pedro Mayoral, Melchor Sastre, Juan Mesa, Manuel Ramírez e Fernando Rubine) que se responsabilizou de acondicionar a zona, construír as instalacións e sacar a subhasta a concesión de explotación da casa de baños. Rubine liderou o proxecto ao ser designado depositario da comisión presidida polo alcalde da cidade. Os primeiros esforzos centráronse en limpar e valar a parte da praia na que se ía establecer a zona de baños, desde a travesía do Monselón ata a punta saínte da costa. Dentro do recinto construíronse casetas para vestiarios e varios barracóns destinados a restaurante e gabinete de lectura. Aos clientes ofrecíanselles todo tipo

<sup>51</sup> MARTÍNEZ BARBEITO (2004: 396).

<sup>52</sup> Ademais desta iniciativa de carácter municipal, existiron no barrio de Riazor outros establecementos de baños propiedade de particulares durante o último cuarto de século. Véxase MEIJIDE PARDO (1997 [1999]: 330).





Casa de Baños de Mar de Riazor a finais do século XIX. *El Eco de Galicia*, 1898, núm. 245

de servizos, desde parasoles, casetas de lona ou bañeiras para lavar os pés ata criados que prestaban os seus servizos a cambio de pequenas propinas. A continuación, a comisión elaborou un regulamento de uso da zona reservada para os baños. Desta maneira, a praia quedou dividida en dúas partes á altura do varadoiro das embarcacións por un panel que establecía a zona asignada a cada sexo. Ao recinto podíase acceder en horario de catro da mañá a oito da tarde mediante o pago dun bono de 25 céntimos ou 50 céntimos no caso de bañarse. A todos os bañistas se lles esixía o estrito cumprimento dunha normativa de honestidade e decencia.

A praia conservou unha zona de libre disposición do público onde se esixía, non obstante, «un uso prudente de ropas al bañarse para no lastimar los sentimientos de la moral y de la decencia».<sup>53</sup> Pouco tempo despois apareceron novas casas de baños de iniciativa privada na praia de Riazor como La Salud ou La Primitiva.

<sup>53</sup> MARTÍNEZ BARBEITO (2004: 397).

A principios dos oitenta, Fernando Rubine viuse obrigado a reducir a súa actividade pública debido aos seus problemas de saúde. A pesar das limitacións físicas, seguiu liderando numerosas iniciativas políticas. Como deputado provincial, formou parte da comisión xestora que negociou a construción do enlace ferroviario entre A Coruña e Santiago de Compostela, xunto co conde de San Juan e co empresario Juan Montero Tellinge.<sup>54</sup> Máis tarde, accedeu por elección popular ao cargo de presidente da deputación provincial, acompañado na vicepresidencia por Maximiliano Linares Rivas. O seu labor polos intereses económicos e empresariais de Galicia foi premiado, primeiro coa encomenda de Isabel a Católica e, en decembro de 1881, co seu nomeamento como cabaleiro das Grandes Cruces Españolas da Real Orden de Isabel la Católica.<sup>55</sup>

Fernando Rubine faleceu o 14 de xuño de 1885 no salón da Deputación da Coruña, cando estaban congregados numerosos veciños e distintas corporacións da cidade co gallo de acordar a rápida construción do lazareto de Oza. Como membro da Xunta de Obras do Porto debía dar conta das negociacións do proxecto, pero non puido concluír a lectura do seu informe ao caer redondo na cadeira de brazos dun ataque ao corazón.<sup>56</sup> A noticia correu como a pólvora por toda a cidade e xerou gran consternación entre os seus habitantes. A capela ardente quedou instalada no salón de sesións da deputación e as portas abríronse ao público «para que todos pudiesen rendir el último tributo al que fue en vida el incansable paladín de las grandezas y prosperidades de este pueblo».

A crónica xornalística que describiu o enterro revela a importancia mediática que acadou Fernando Rubine na vida política, económica e social da cidade. Ao parecer, a comitiva fúnebre saíu do Palacio Provincial ás seis da tarde do día 15 de xuño acompañado de cincuenta sacerdotes. Abrían a procesión dúas filas de porteiros e mozos de todas as sociedades de recreo, os asilados e moitos obreiros. A continuación mar-

<sup>54</sup> *El Imparcial: Diario Liberal*, 24/11/1880 e *Gaceta de los Caminos de Hierro*, 26/12/1880. Montero Tellinge contaba con experiencia empresarial neste ámbito como investidor do ferrocarril compostelán da infanta dona Isabel, LINDOSO (2006: 301).

<sup>55</sup> *Guía oficial de España* (1885: 188).

<sup>56</sup> Descrición do acontecemento que realiza o seu amigo FERNÁNDEZ LATORRE na nota necrolóxica de *La Voz de Galicia*, 16/06/1885.

chaban ao concello en corporación cos seus maceiros e alguacís, o gobernador civil, o capitán xeral e representantes do colexio de corredores, industria, comercio e banca da cidade. Durante todo o percorrido a banda do rexemento de Murcia tocou marchas fúnebres e ao peche do cortexo camiñaban a paso lento, 23 coches de respecto. O enterro percorreu as rúas Real, Santo André, Cordonería, Panadeiras, Campo da Leña e A Torre. A Tertulia La Confianza e outras institucións puxeran nos seus balcóns colgaduras negras. Os establecementos comerciais pecharon ás seis da tarde, hora na que comezou a organizarse o enterro, e os veciños botáronse á rúa para amosar a súa dó. A enorme concorrencia cubría por completo a rúa ancha de Santo André desde a rúa Nova ata a entrada da rúa Panadeiras.

A cidade perdera un dos principais promotores da súa modernización nas últimas décadas. O mesmo ano da súa morte, o concello dedicoulle o seu nome a unha rúa, xusto aquela na que estaban situados os seus establecementos mercantís e industriais. Desde entón, a avenida de Riazor pasou a chamarse avenida de Rubine.

### O legado empresarial

O inventario que se realizou en 1885 tras a morte de Fernando Rubine Firpo revela que o patrimonio líquido da sociedade Rubine e Hijos ascendía a 1.019.012 pesetas, un dos máis importantes da provincia da Coruña na época.<sup>57</sup> Entre os seus principais activos destacaban accións do Banco de España (12), do Crédito Gallego (27), da sociedade construtora da Praza de Touros da Coruña (10) e o préstamo concedido á Casa de Baños de Riazor. Unha pequena cabana de animais domésticos e unha ampla variedade de mercancías coloniais localizadas nos seus almacéns da Coruña, Guayaquil e Caracas dan conta da importancia que as transaccións comerciais con América mantiñan nos seus negocios. Por outro lado, figuraba a súa participación nas fábricas de fariñas, refinación de azucre, chocolate e puntas de París, situadas nos terreos da antiga ave-

<sup>57</sup> AHPC. José Pérez Porto, atado 10178 (1885: 3467).



nida de Riazor, lugar no que se atopaba tamén situada a casa familiar. O valor dos créditos e dos dereitos concedidos na súa actividade como comerciante banqueiro acadaba máis do 60% do importe do activo total. Por último, a familia contaba cun pequeno patrimonio rústico de leiras, soares e cunha casa de campo na parroquia do Sar, preto de Santiago de Compostela.

Fernando Rubine declarou no seu testamento como herdeiras universais a súa esposa e as súas fillas, deixoulle á primeira unha quinta parte de todos os seus bens e o resto repartiuse en dúas partes iguais entre os seus dous descendentes.<sup>58</sup> De acordo coa escritura fundacional da empresa familiar, ningunha das herdeiras podía retirar da sociedade os haberes adxudicados, que ascendían ao 25% do capital total. Unha vez transcorrido o prazo de cinco anos estipulado na escritura, os socios debían decidir se lles conviña ou non prorrogar a sociedade. Despois da repartición da herdanza Josefa López pasou a controlar o 39,5% do capital, Demetrio Salorio e Joaquina Rubine o 37,1% e Félix González-Rodríguez Sesmero e Teresa Rubine o 23,4%. Pola súa parte, a distribución de beneficios quedou establecida nas seguintes porcentaxes: á viúva o 15%; a cada unha das fillas, Joaquina e Teresa, o 7,5%; a Demetrio o 40% e a Félix o 30%.

Demetrio Salorio Casal quedou como principal responsable da empresa e sucesor natural do seu sogro nos negocios mercantís. Contaba coa experiencia de xestionar a sociedade familiar durante máis de tres décadas á beira dun excelente mestre, que lle traspasara de maneira progresiva gran parte das tarefas mercantís. A súa inesperada morte o 1 de marzo de 1886, con apenas 43 anos, deixou orfos non só a cinco fillos menores de idade senón tamén á empresa familiar.<sup>59</sup> O seu cuñado, Félix González, converteuse no único xerente da sociedade mercantil. De inmediato buscou apoio no dependente da casa Ricardo Silveira González, home de confianza e perfecto coñecedor do funcionamento interno da empresa.<sup>60</sup> Cando Fernando Salorio Rubine, fillo maior de Demetrio e Joaquina,

<sup>58</sup> AHPC, notario Carballo, baixo testamento que xunto coa súa esposa outorgara o día 22/04/1871.

<sup>59</sup> AMC, 1844, caixa 1076. Padrón de habitantes.

<sup>60</sup> Por escritura do 24/08/1897. RMC, Libro provisional 1º de comerciantes individuais, núm. 8, fol. 19.

**R. M. S. P.**  
**Compañía Mala Real Inglesa**

VAPORES CORREOS  
 Servicio rápido al Río de la Plata

Tipo de los vapores de la Compañía de 12.000 toneladas

**SALIDAS QUINCENALES**  
 DEL PUERTO DE LA CORUÑA

**Para Río Janeiro, Santos,**  
**Montevideo y Buenos Aires**

Agentes en la Coruña: **Rubine é Hijos**

Anuncio publicitario de Rubine e Hijos, empresa consignataria da Mala Real Inglesa. *Guías de Galicia*. A Coruña, 1912

acadou a maioría de idade en 1897 a sociedade familiar refundouse.

Na nova etapa deixaron a compañía Félix Rodríguez e a súa muller Teresa Rubine. Así quedaron como únicos socios Joaquina Rubine, por dereito propio e como representante legal dos seus fillos menores —Teresa, Demetrio, Rafaela e Felisa Salorio Rubine—, o seu fillo maior Fernando Salorio Rubine, comerciante xa emancipado, e Ricardo Silveira González. A sociedade conservou a razón social de Rubine e Hijos e fíxose cargo da explotación de todas as actividades que rexentaba a súa predecesora. Entre os seus principais fins sociais estableceu as transaccións comerciais peninsulares e coloniais, a explotación de industrias, as consignacións de buques e as comisións e operacións financeiras de todo tipo. O capital social ascendía a algo máis de 1,4 millóns de pesetas, achegado por Joaquina Rubine (81,10%), os seus cinco fillos (cada un achegaba o 2,01%) e Ricardo Silveira (8,84%).

A entrada dunha nova xeración no negocio familiar e a excelente xestión desempeñada polo único socio externo, Ricardo Silveira González, garantiron a continuación de Rubine e Hijos. Aínda que mantivo a súa operativa tradicional no ámbito da industria e do comercio, a compañía soubo posicionarse de maneira estratéxica nas novas oportunidades de negocio que ofrecía o crecemento da Coruña ao espertar do século xx. Dun lado, a sociedade investiu nas empresas máis re-

levantantes relacionadas co abastecemento dos servizos de augas, iluminación, transporte e a oferta de actividades culturais e espectáculos. Dentro deste grupo, atopamos a Rubine e Hijos como accionista de Sociedad General Gallega de Electricidad (1900), Aguas de La Coruña (1903), Compañía de Tranvías de La Coruña (1901) ou Sociedad Arrendataria del Teatro



Principal (1906).<sup>61</sup> Por outro lado, a firma apostou por dúas actividades relacionadas coa emigración, negocio moi rendible na época: a consignación de buques desde o porto coruñés e as remesas de emigrantes a través da casa de banca. Neste ámbito actuou como representante da compañía navieira Mala Real Inglesa (Royal Mail Steam Packet Company)<sup>62</sup> desde finais do século XIX, aínda que tamén colaborou con outras compañías internacionais que operaban no porto coruñés. A progresiva vinculación dos seus negocios á actividade do porto coruñés reportoulle grandes beneficios, pero fíxoa máis vulnerable nos momentos de crise da actividade portuaria.

Despois dos moitos vaivéns superados na última centuria,<sup>63</sup> o legado empresarial de Fernando Rubine segue presente no tecido produtivo da Coruña. A sociedade consignataria Rubine e Hijos S.L., afastada herdeira da primitiva casa de comercio fundada a mediados do século XIX, consolídase desde o peirao de San Diego como unha das principais operadoras coruñesas no sector do tráfico de cruceiros turísticos.

## Abreviaturas de fontes documentais

AMC: Arquivo Municipal da Coruña

AHPC: Arquivo Histórico de Protocolos Notariais da Coruña

BOPLC: Boletín Oficial da Provincia da Coruña

RMC: Rexistro Mercantil da Coruña

<sup>61</sup> LINDOSO (2006), apéndice. Tamén investiron noutras empresas como Azucarera Gallega (1899).

<sup>62</sup> Esta compañía operaba desde 1839. Desde 1841 estableceu unha liña entre Southampton, Brasil e Río da Prata. En 1842 incluíu no seu percorrido a illa de Cuba e, desde a década de 1870, comezou a realizar escalas nos portos galegos. Primeiro no porto de Carril e máis tarde na Coruña. Véxase VÁZQUEZ (2000: 816).

<sup>63</sup> Unha análise máis polo miúdo do funcionamento da empresa durante o século XX en ALONSO, LINDOSO e VILAR (2008).



## Bibliografía

- ALONSO ÁLVAREZ, L. (1986): *Comercio colonial y crisis del Antiguo Régimen en Galicia (1778-1818)*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- E. LINDOSO TATO, e M. VILAR RODRÍGUEZ (2008): *Construyendo empresas. La trayectoria de los emprendedores coruñeses en perspectiva histórica, 1717-2006*, A Coruña, CEC.
- CARMONA, X., e J. NADAL (2005): *El empeño industrial de Galicia: 250 años de historia, 1750-2000*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- COUMES-GAY, A. (1877): *Guía de La Coruña*, A Coruña, Imprenta de Puga.
- ESTRADA CATOYRA, F. (1930): *Contribución a la historia de La Coruña: La Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos en su ochenta y tres años de vida y actuación*, A Coruña, El Ideal Gallego.
- FACAL RODRÍGUEZ, M.<sup>a</sup> J. (1986): *La banca en Galicia durante la época de la Restauración: El Crédito Gallego*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, tese de licenciatura inédita.
- FAGINAS, R. (1890): *Guía indicador de La Coruña y Galicia para el año 1890-91*, A Coruña, Imp. e Est. de Vicente Abad.
- GONZÁLEZ CATOYRA, A. (1995): *Alcaldes coruñeses*, A Coruña, Biblioteca Coruñesa-Vía Láctea Editorial.
- LINDOSO TATO, E. (2006): *Los pioneros gallegos. Bases del desarrollo empresarial 1820-1913*, Madrid, Lid.
- MARIÑO BOBILLO, M. C. (2004): «La Coruña en el reinado de Fernando VII: Manifestaciones político-religiosas y religiosidad popular», *Anuario Brigantino*, núm. 27, pp. 243-264.
- MARTÍNEZ BARBEITO, I. (2004): *Notas de un archivo: Recopilación de artículos publicados en La Voz de Galicia*, A Coruña, Arquivo Municipal-Alva Gráfica.
- MEIJIDE PARDO, A. (1997 [1972/1973]): «Censo de comerciantes coruñeses en los años de 1830 a 1845», *Revista del Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses*, núms. 8 e 9. Reproducido tamén en MEIJIDE PARDO, A.: *Temas y personajes de la historia coruñesa contemporánea*, A Coruña, Deputación Provincial, pp. 49-70.
- (1997 [1974/1975]): «La primera industria coruñesa del vidrio, 1827-1850», *Revista del Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses*, núms. 10 e 11. Reproducido en A. MEIJIDE PARDO: *Temas y personajes de la historia coruñesa contemporánea*, A Coruña, Deputación Provincial, pp. 111-162.
- (1997 [1999]): «Casas de baños de mar en la Coruña del siglo XIX», *La Coruña. Paraíso del turismo*, verán de 1989. Reproducido en A. MEIJIDE PARDO: *Temas y personajes de la historia coruñesa contemporánea*, A Coruña, Deputación Provincial, pp. 323-344.
- REY ESCARIZ, A. (1996): *La historia y descripción de la ciudad de La Coruña* [transcripción e estudo de S. DAVIÑA SÁENZ: A Coruña, Concello da Coruña, Arquivo Municipal da Coruña.
- SANTOS GAYOSO, E. (1990): *Historia de la prensa gallega, 1800-1986*, Sada, Cadermos do Seminario de Sargadelos, núm. 52.
- VÁZQUEZ GONZÁLEZ, A. (2000): *La emigración gallega a América, 1830-1930*, Santiago de Compostela, tese de doutoramento.